


Public 2930

**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Memoria 1997

Aprobada na Comisión da BUSC de 25 de Maio de 1998



MARCO XERAL

Sen dúbida o feito máis salientable durante 1997 na BUSC foi a apertura da Biblioteca Intercentros no Campus de Lugo, un proxecto no que se comezou a traballar en 1992 e que centraliza 3 bibliotecas que ata este ano viñan atendendo a 5 Centros: Facultade de Veterinaria, Escola Politécnica, Facultade de Ciencias, Facultade de Humanidades e Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

A apertura desta biblioteca en novembro de 1997 requeriu considerables esforzos anteriores, xa que non se tratou do simple traslado de fondos dende 3 instalacións a unha, senon da fusión de tres bibliotecas, con fondos bibliográficos en áreas comúns especialmente no campo das ciencias, para a que foi necesario facer cambios de signaturas existentes, equivalencias de signaturas existentes, novo sistema de signaturas, identificación de fondos para ubicar en depósito e en libre acceso.

En 1997 a BUSC puxo en marcha distintas liñas de actuación cara ó aproveitamento que as melloras tecnolóxicas están a supoñer nos servicios ós usuarios, facilitando o acceso á información dende lugares remotos ás instalacións bibliotecarias. Nesta liña puxéronse en marcha os seguintes servicios:

- A rede de CD-ROMs da BUSC que permite a consulta dende calquera ordenador conectado ó SECUS de 25 bases de datos en 95 discos, as máis importantes e de interese máis xeral que tiña suscriptas a BUSC en instalacións monoposto. A posta en marcha desta rede foi financiada con



17.000.000 ptas. pola CICYT, e oferta na actualidade máis de 60 millóns de rexistros bibliográficos

Na medida do posible adquiríronse as versións en ERL (Electronic Reference Library) da casa Silver-Platter dada a súa maior amigabilidade e facilidade de mantemento. En ocasións isto non foi posible, ben por non existila versión da base ben polos altos custos que supoñía esta versión. Nestes casos as bases de datos están accesibles en modo telnet ou en modo compartido.

Por outra parte nas distintas instalacións da BUSC seguen a manterse bases de datos en instalacións monoposto ata un total de 61.

- [www](http://busc.usc.es) da Biblioteca ([http: busc.usc.es](http://busc.usc.es)) como mellor lugar para o desenvolvemento dos servizos electrónicos, ademáis dun lugar de difusión de información sobre a biblioteca e os seus servizos.

En 1997 puxéronse accesibles nesta [www](http://busc.usc.es) máis de 1500 títulos de revistas electrónicas de títulos xa suscritos en papel pola BUSC, o que facilita a súa consulta non só dende fora das bibliotecas, senon tamén dende os diferentes campus en que se atopan as coleccións da BUSC. Estes enlaces permiten, dependendo do título e editor, o acceso ós índices, abstracts ou texto completo.

Tamén é posible dende a [www](http://busc.usc.es) o acceso ás bases de datos en CD-ROM en ERL a través de WebSpirs.

Durante este ano estivo traballando no desenvolvemento de 2 formularios electrónicos, para realizar solicitudes de adquisicións de obras e para realizar solicitudes de préstamo interbibliotecario dende a [www](http://busc.usc.es). O primeiro estivo a proba na biblioteca da Facultade de Farmacia e entrou en operatividade en xaneiro de 1998, en que se está a probar o de préstamo interbibliotecario na biblioteca de Física.

- Seguíronse realizando os traballos de reconversión de catálogos e catalogación automatizada, que continuaron durante todo o ano na biblioteca de CC. Económicas e Empresariais e realizáronse totalmente na Biblioteca de

Medicina. A finais de ano adxudicaronse mediante concurso público estes traballos para a biblioteca de Maxisterio de Santiago, Arquivo Histórico Universitario e parcialmente a BX.

A finais de ano o total de volumes de monografías e coleccións de revistas e outras publicacións periódicas introducidas na base de datos superaba as 565.000 unidades.

- Gracias á automatización do catálogo e do servizo de préstamo, puxéronse en marcha novas modalidades de préstamo da BUSC: interbibliotecas para profesores e investigadores, intercampus para tódolos usuarios pertencentes á USC.

- A BUSC participou nos traballos desenvolto pola Xunta de Galicia e o CESGA cara a posta en marcha dun catálogo colectivo de bibliotecas galegas na Autopista Galega da Información (AGI).

Esta participación, xunto coa da Biblioteca Universitaria de Vigo, consistiu na avaliación e adaptación do software Innopac, e na cesión temporal de 100.000 rexistros da BUSC para realiza-las probas.

Un terceiro aspecto que queremos resaltar nesta Introdución garda relación cos traballos de avaliación que a BUSC debe desenvolver no marco da xestión de calidade total. Ademáis da análise dos datos recollidos en anos anteriores sobre o uso das revistas, a BUSC recolle por primeira vez nesta Memoria algúns dos indicadores de bibliotecas recomendados pola DGXIII da Comunidade Europea. A BUSC agarda poder extender estes indicadores ás áreas en que neste ano non pode aplicalos dada a carencia de datos de medida na actualidade.

PRESUPOSTO

O presuposto aprobado pola Xunta de Goberno da USC para a Biblioteca Universitaria en 1997 foi de 408.750.000 ptas, ós que hai que engadir 15.000.000 ptas para automatización de catálogos dentro dunha partida presupostaria do Vicerrectorado de Investigación e Terceiro Ciclo. A distribución do presuposto da BUSC por Capítulos foi a seguinte:

- Capítulo 2: 32.000.000 ptas. (ademais das partidas correspondentes á BX coma Centro: reparacións edificios, suministros, etc.)
- Capítulo 6: 376.750.000 ptas.

Estes créditos incrementáronse con diversas aportacións:

- Axudas Infraestrutura Xunta de Galicia: 57.900.000 ptas.
- Aportacións de Depart., Prox. e Centros: 56.410.063 ptas.
- Ingresos por servizos: 19.371.736 ptas.
- Descontos en librerías: 3.143.202 ptas.

Como xa se ven indicando nas memorias doutros anos, os ingresos por servizos non deben ser considerados beneficios netos, dado que os servizos prestados, especialmente de préstamo interbibliotecario do que proceden a maioría destes ingresos, supoñen custos considerables.

As aportacións de Departamentos, Proxectos de Investigación e Centros concentráronse preferentemente nas adquisicións bibliográficas, ás que se dedicaron 50.237.072 ptas, o que supón un incremento do 43.75% con respecto ó ano anterior. Destacan especialmente as aportacións feitas polos Departamentos e Facultade ás Bibliotecas de Filoloxía, Dereito e Xeografía e

Historia. O desglose por tipos e centros pode verse ó final deste apartado na táboa correspondente.

En conxunto, pois, dedicáronse 484.887.072 ptas a adquisicións bibliográficas, 19.413.955 ptas a equipamento, e 33.509.036 a material.

O presuposto ordinario distribuíuse de acordo ós criterios aprobados na Xunta de Goberno, a proposta da Comisión da BUSC, sen máis variacións substanciais respecto ós últimos anos que as derivadas da creación dun novo Centro non experimental, a Facultade de CC. da Educación, e a desaparición dunha Escola universitaria, Maxisterio de Santiago.

Dos 362.000.000 ptas. do crédito ordinario dedicados a adquisicións bibliográficas, 227.000.000 foron para o pago das subscripcións a publicacións periódicas. Aínda que este presuposto supón un incremento do 7% respecto ó presuposto de 1996, en relación ós custos das publicacións nese ano (220.310.424 ptas.) é só do 3.03%. A esta cantidade engadiuse unha remanente de 3.310.861 ptas. En total, as publicacións periódicas importaron 254.494.357 ptas, un 15.5% máis que en 1996. Para poder facer fronte a este custo, superior ó presupostado, o Vicerrectorado de Asuntos Económicos tivo que incrementa-lo presuposto con 26.000.000 ptas.


O presuposto ordinario de publicacións unitarias, 135.000.000 ptas., supuxo un incremento do 3.8% sobre o de 1996. Os criterios de distribución entre centros non variaron respecto ó ano anterior.

A maioría das bibliotecas pecharon o exercicio co seu presuposto executado. As Bibliotecas das Facultades de Filosofía e Ccs. da Educación no Campus de Santiago, e as das Facultades de Veterinaria, Ciencias, Humanidades, Escola Politécnica e E.U. de Empresariais do Campus de Lugo, pecharon con máis do 17% do seu presuposto sen facturar. (Filosofía: 19% ; Ccs. Educación: 17.8% ; Humanidades: 69% ; Ciencias: 53% , Politécnica:

25% ; Veterinaria: 36% , Empresariais: 48% ; Sección delegada Económicas: 85%)

Nos centros do Campus de Lugo estes importantes remanentes poden explicarse en parte polos traballos de traslado á nova Biblioteca Intercentros, que supuxeron un peche de dous meses na admisión e tramitación de solicitudes de adquisicións. No Campus de Santiago a explicación para esta elevada remanente haberá que busca no incremento de máis de 2.000.000 de ptas. no presuposto de monografías da Biblioteca Intercentros de Filosofía, Ccs. da Educación e Psicoloxía, con motivo da creación da nova Facultade de Ccs. da Educación. É de esperar que os reaxustes realizados por esta situación permitan pecha-lo vindeiro exercicio económico con todo o presuposto executado.

No seguinte gráfico pode verse a participación de cada punto de servicio da BUSC no presuposto de adquisicións bibliográficas:



O presuposto ordinario de equipamento, 14.750.000 ptas., destinouse este ano fundamentalmente á nova B. Intercentros do Campus de Lugo (10.000.000 ptas.). Esta dotación permitiu contar cos seguintes equipamentos e traballos antes da súa apertura:

- Adquisición de periféricos (fundamentalmente terminais para consulta da base de datos da BUSC)
- Adquisición de desmagnetizadores de equipos antifurto
- Colocación de códigos de barras e etiquetas antifurtos a tódolos fondos
- Adaptación e traslado de mobiliario xa existente

Os 4.750.000 ptas. restantes dedicáronse a atender necesidades puntuais doutros Centros: Dereito, Políticas e Relacións Laborais ; Farmacia ; Filosofía, Ccs. Educación e Psicoloxía ; Medicina e Odontoloxía ; Xeografía e Historia e Ccs. Información ; Química ; B. Xeral.


O presuposto do capítulo 2, 32.000.000 ptas (incremento do 6,67% sobre 1996), distribuíuse cos mesmos criterios de anos anteriores. O incremento dedicouse a paga-las licencias de mantemento do ordenador Digital e do software Universe, ata este ano incluídas na garantía de adquisición.

O conxunto destes investimentos dan como resultado os seguintes indicadores:


1. *Gastos do preuposto ordinario netos (excluindo capital) per cápita*: 9.435 ptas.
2. *Gastos netos (excluindo capital)*: 11.960 ptas.
3. *Gastos en materiais bibliográficos per cápita*:
 - a) Publicacións unitarias (agás Axudas Xunta): 3.957 ptas
 - b) Publicacións seriadas (agás Axudas Xunta): 5.956 ptas

EVOLUCIÓN DO PRESUPOSTO DA BUSC

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



MONOGRAFÍAS



PRESUPOSTO ORDINARIO
Distribución por Bibliotecas

| Centros | Monografías | Publicacións | Total adq.biblio gráf. | Capít. 2 | Total |
|------------------------|--------------------|--------------------|---------------------------|-------------------|--------------------|
| B.X. | 28.725.456 | 21.805.352 | 50.530.808 | 13.222.686 | 63.753.494 |
| Biología | 3.700.571 | 15.279.032 | 18.979.603 | 1.029.404 | 20.009.007 |
| CC. Económicas | 8.801.602 | 7.670.037 | 16.471.639 | 1.623.813 | 18.095.452 |
| Der.,Pol., Rel. Lab | 13.009.778 | 10.827.511 | 23.837.289 | 1.873.486 | 25.710.775 |
| Farmacia | 4.138.484 | 24.622.445 | 28.760.929 | 1.060.655 | 29.821.584 |
| Filoloxía | 9.688.005 | 5.156.741 | 14.844.746 | 1.354.671 | 16.199.417 |
| Fª,CC.Educ., Psi. | 18.207.346 | 11.020.686 | 29.228.032 | 2.069.786 | 31.297.818 |
| Física e Ópt. | 4.682.054 | 36.596.321 | 41.278.375 | 1.109.943 | 42.388.318 |
| Xª-Hª,CC.Inf. | 10.985.673 | 5.607.931 | 16.593.604 | 1.315.945 | 17.909.549 |
| Matemáticas | 3.465.305 | 28.160.913 | 31.626.218 | 947.450 | 32.573.668 |
| Medicina | 4.440.400 | 30.639.736 | 35.080.136 | 1.082.499 | 36.162.635 |
| Química | 3.783.304 | 31.662.993 | 35.446.297 | 1.000.385 | 36.446.682 |
| Vet. e Pol. | 8.214.178 | 15.211.392 | 23.425.570 | 1.400.000 | 24.825.570 |
| CCs e Hum. | 6.125.648 | 5.728.347 | 11.853.995 | 1.014.755 | 12.868.750 |
| Maxist. Lugo | 2.487.804 | 768.909 | 3.256.713 | 587.122 | 3.843.835 |
| Empresariais | 2.744.950 | 884.270 | 3.629.220 | 758.684 | 4.387.904 |
| Enfermería | 1.799.423 | 483.664 | 2.283.087 | 548.696 | 2.831.783 |
| Observatorio | 0 | 1.900.192 | 1.900.192 | 0 | 1.900.192 |
| ICE | 0 | 467.885 | 467.885 | 0 | 467.885 |
| TOTAIS | 134.999.981 | 254.494.357 | 389.494.338 | 31.999.980 | 421.494.318 |

APORTACIÓNS DEPARTAMENTOS, PROXECTOS, CENTROS

| Centros | Monograf. Dep. e Proxec. | Publics. Dep. e Proxec. | Monograf. Centros | Publics. Centros | Equipam. Centros | Material Centros | Total |
|---------------------|--------------------------|-------------------------|-------------------|------------------|------------------|------------------|-------------------|
| Biología | 167.113 | 0 | 10.920 | 0 | 0 | 144.806 | 322.839 |
| CC. Económicas | 88.540 | 124.246 | 1.500.000 | 828.221 | 303.342 | 0 | 2.844.349 |
| Der., Pol., Grad. | 8.790.000 | 3.623.627 | 0 | 0 | 25.000 | 0 | 12.438.627 |
| Farmacia | 229.327 | 55.527 | 0 | 0 | 0 | 0 | 284.854 |
| Filoxía | 4.858.275 | 3.172.127 | 8.709.303 | 388.639 | 3.467.086 | 184.798 | 20.780.228 |
| Fª, CC. Educ., Psi. | 511.815 | 1.579.460 | 0 | 86.666 | 541.750 | 136.260 | 2.855.951 |
| Física e Ópt. | 169.080 | 195.205 | 0 | 16.000 | 0 | 0 | 380.285 |
| Xª-Hª, CC. Inf. | 8.788.779 | 0 | 0 | 0 | 190.000 | 0 | 8.978.779 |
| Matemáticas | 0 | 392.899 | 574.597 | 577.855 | 0 | 409.944 | 1.955.295 |
| Medicina | 713.013 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 713.013 |
| Química | 15.255 | 0 | 0 | 79.545 | 0 | 366.594 | 461.394 |
| Vet. e Pol. | 205.862 | 88.875 | 0 | 0 | 0 | 0 | 294.737 |
| CCs. e Hum. | 223.182 | 0 | 805.750 | 0 | 0 | 0 | 1.028.932 |
| Maxist. Lugo | 225.189 | 0 | 0 | 0 | 136.777 | 266.634 | 628.600 |
| Empresariais | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Enfermería | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Observatorio | 0 | 0 | 221.969 | 57.570 | 0 | 0 | 279.539 |
| ICE | 325.846 | 0 | 1.499.283 | 337.512 | 0 | 0 | 2.162.641 |
| Total | 25.311.276 | 9.231.966 | 13.321.822 | 2.372.008 | 4.663.955 | 1.509.036 | 56.410.063 |

AXUDAS INFRAESTRUCTURA BIBLIOGRÁFICA XUNTA DE GALICIA

1997

| | Axudas Xunta |
|---|--------------|
| B.X. | 3.070.520 |
| Bioloxía | 2.731.513 |
| CC. Económicas | 1.994.665 |
| Der., Pol., Grad. | 5.935.485 |
| Farmacia | 3.201.481 |
| Filoloxía | 3.938.457 |
| F ^a , CC. Educ., Psi. | 5.039.974 |
| Física e Ópt. | 3.970.507 |
| X ^a -H ^a , CC. Inf. | 4.774.397 |
| Matemáticas | 4.477.398 |
| Medicina | 2.479.048 |
| Química | 3.439.200 |
| Vet. e Polit. | 6.526.163 |
| CCs. e Hum. | 5.730.183 |
| Maxis. Lugo | 383.009 |
| Empresariais | 140.000 |
| Enfermería | 68.000 |

PERSOAL

A finais de 1997 a BUSC contaba co seguinte persoal:

- E. Facultativa de Bibliotecas: 6 (2 contratos temporais)
- Técnico de Documentación Infor.: 1
- E. Axudantes de Bibliotecas: 62
- Técnico de Xestión de Sistemas: 1
- Auxiliares Administrativos: 6
- Auxiliares Técnicos de Bibliotecas: 74
- Porteiro Maior: 2
- Aux. Servicios. Área Conserxería 4

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados.

Dende finais de xullo están cubertas con contratos temporais dúas prazas vacantes no cadro de persoal do grupo A, a Dirección da Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo e a Xefatura de Sección de Adquisicións da Biblioteca Universitaria, para o que se realizaron as correspondentes probas selectivas no mes de xullo.

En 1997 resolveuse o Concurso para a provisión de postos de traballo na Área de Bibliotecas, convocado por Resolución Rectoral 5/MII/1996. Como resultado deste concurso, cubriuse definitivamente a praza de Dirección da Biblioteca da Facultade de Farmacia, e a Xefatura de Negociado de Adquisicións da Biblioteca Xeral, ocupadas ata o momento por persoal en comisión de servicio. A consecuencia destas adxudicacións de prazas

vacantes produxéronse algúns movementos de persoal en prazas de postos base de varias bibliotecas.

Neste ano incorporóuse tamén á BUSC, en comisión de servicios, unha Axudante de Bibliotecas da Universidade de A Coruña.

Como consecuencia da creación da Facultade de CC. da Educación e, polo tanto, da desaparición da Escola de Maxisterio de Santiago, eliminouse do cadro de persoal da BUSC a praza de Dirección da Biblioteca da Escola de Maxisterio de Santiago. Esta Biblioteca constitúe na actualidade un punto de servicio da Biblioteca Intercentros das Fac. de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía e está xestionada pola Dirección e o persoal desa B. Intercentros.

A apertura da B. Intercentros do Campus de Lugo supuxo unha modificación no cadro de persoal, no momento de redacción desta memoria pendente de aprobación polo Consello Social, tanto no que se refire a adscripción a centros, como a modificación de denominación de postos de traballo. Desaparecen as Direccións das Bibliotecas da Fac. de Veterinaria e E. Politécnica, das Fac. de Ciencias e Humanidades, e da E.U. Empresariais. Créanse na nova B. Intercentros os seguintes postos: Dirección, Oficina de Servicios, Oficina de Adquisicións, Negociado de Administración, Conserxería.

A plantilla actual desta Biblioteca é a seguinte:

Director: Grupo A, contratado laboral

Xefes Oficina: 2 (Axudantes de Biblioteca)

Axudantes Biblioteca: 4

Auxiliar Administrativo: 1

Auxiliares Técnicos: 12

Conserxe: 1

Auxiliares Servicio: 2

Como resultado desta reestructuración no Campus de Lugo, a Dirección da Biblioteca de Maxisterio deixa de estar compartida coa E.U. de Empresariais.

Como en anos anteriores contóuse tamén coa colaboración dun Axudante de Bibliotecas do Servicio de Bibliotecas da Xunta de Galicia durante todo o ano, 6 becarios de FP en prácticas (3 na BX, 2 en Filoloxía, 1 en Maxisterio de Lugo) e 2 da Prestación Social Sustitutoria en Xeografía e Historia e CC. da Información.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 1997 por puntos de servicio, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

Distribución do persoal da BUSC

| Centros | Fac. e Axud. Bibl. | Tco. Doc. Inform. | Tco. Xest.Sist. | Aux. Admon. | Aux. Tcos. | Conserxería |
|-----------------------------|-----------------------|----------------------|--------------------|-------------|------------|-------------|
| BUSC | 6 | 1 | 1 | | | |
| Biblioteca Xeral | 21 | | | 5 | 15 | 3 |
| Bioloxía | 2 | | | | 4 | |
| Económicas | 3 | | | | 6 | |
| Dereito, Polit.,Rel. | 4 | | | | 7 | |
| Farmacía | 2 | | | | 4 | |
| Filoloxía | 5 | | | | 7 | |
| Filosofía, CC. Ed., Psi. | 7 | | | | 7 | |
| Física e Óptica | 1 | | | | 4 | |
| Xª e Hª e CC. Infor. | 5 | | | | 7 | |
| Matemáticas e Observ. | 2 | | | | 4 | |
| Medicina | 3 | | | | 5 | |
| Química | 2 | | | | 5 | |
| Enfermería | compartido Medicina | | | | 2 | |
| B. Intercentros Lugo | 7 | | | 1 | 11 | 3 |
| Maxist. lugo | 1 | | | | 2 | |

A formación continuada do persoal da BUSC centrouse neste ano, fundamentalmente, dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia. A área de Bibliotecas está representada, dentro da Comisión de Formación deste Plano, pola Dirección da BUSC, e enmarcados nel realizáronse 5 Cursos específicos nesta área en 1997: *Captación de rexistros e creación de holdings* ; *Catalogación automatizada e control bibliográfico* ; *Os retos da información ante o século XXI* ; *Técnicas de traballo para Auxiliares de Biblioteca* ; *Catalogación automatizada en Sabini*.

Tamén houbo participación do persoal da BUSC noutros cursos deste Plano de carácter xenérico: *A seguridade nos edificios universitarios* ; *A comunicación na atención ó público* ; *Lexislación universitaria* ; *Curso excel* ; *Acces* ; *Word avanzado* ; *Windows95* ; *Inglés I,II,III* ; *Desenvolvemento de habilidades directivas, etc.*

Así mesmo o persoal da BUSC participou en diversas actividades formativas organizadas por outros organismos, especialmente a Xunta de Galicia e Anabad-Galicia, en cursos como: *Formato Ibermarc: materiais especiais* ; *Catalogación de materiais especiais, etc.*

A Directora da Biblioteca asistiu en Barcelona ó *Seminario La Función directiva* organizado pola Mesa de Coordinación de Gerentes de las Universidades Españolas en maio e outubro deste ano.

No ano 1997 celebráronse en A Coruña as II Xornadas de Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia, ás que asistiron moitos dos profesionais da BUSC. A ponencia sobre Bibliotecas destas Xornadas : *"Cooperación ou competencia : paisaxes para as Bibliotecas Universitarias galegas"* foi elaborada pola Directora e a Xefa de Sección de Procesos da BUSC.

Tamén neste ano estivo representada a BUSC pola Dirección da Biblioteca de Matemáticas na Reunión Anual de DOCUMAT.

En 1997 o persoal da BUSC participa tamén nos seguintes proxectos de investigación financiados pola Secretaría de Estado de Universidades, Investigación y Desarrollo:

- Dna. M^a virtudes Pardo Gómez, Subdirectora de Coordinación, participa no proxecto "*Ilustración, censura y modernidad en el contexto de los siglos XVIII y XIX*", dirixido polo Profesor Doctor Xosé Luís Barreiro Barreiro.
- Dna. concepción Varela Orol, Directora da BUSC, participa no proxecto "*Evaluación de la calidad en los servicios de las Bibliotecas Universitarias*", dirixido polo Profesor Doctor Xavier de Salvador González.

Ademáis, Dna. Celia Couce Cachaza, Xefa da Sección de Procesos Técnicos, participa no proxecto (ampliación en 1997 do proxecto do ano 1995) "*La Biblioteca América : catalogación temática*", dirixido pola Profesora Doctora Pilar Cagiao Vila, financiado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

En 1997 rematouse a construción do edificio da B. Intercentros do Campus de Lugo. En outubro tivo lugar a inauguración oficial do edificio, e a continuación comezaron os labores de traslado. A Biblioteca abriuse ó público na primeira semana de novembro.

A zona do edificio dedicada a Biblioteca téñ aproximadamente 9.500 m². Conta con 9 salas, un depósito e un amplo vestíbulo no que están instaladas as consignas e terminais para consulta pública do catálogo.

Tódalas salas están concebidas como salas de consulta cos fondos en acceso directo, distribuídos por grandes grupos de materias das distintas áreas do coñecemento representadas nesta Biblioteca.

Nas plantas circulares están as salas de Ciencias e Tecnoloxía: Planta semisoto Ciencias Básicas (6.500 vols.) ; Primeira planta Ciencias Agrarias e Forestais (10.700 vols.) ; Segunda planta Veterinaria e Tecnoloxía de Alimentos (8.500 vols.).

A terceira planta circular é a Hemeroteca. Contén tódolos títulos en curso de publicacións periódicas de tódalas áreas, ordeadas por grandes grupos de materias que se corresponden coa división por salas dos fondos de monografías.

A zona rectangular conta con dúas salas: primeira planta Ciencias Sociais (5.000 vols.) ; Segunda planta Humanidades (17.000 vols.)

Na planta semisoto, con acceso directo dende o vestíbulo, está situada a sala de Información Bibliográfica e Referencia (625 vols.).

A Biblioteca tamén dispón dunha Sala para traballo en grupo e unha Sala de Investigadores.

O conxunto de salas ofrece 1.615 postos de consulta.

No que se refire ós fondos bibliográficos conta cunha colección de 48.000 vols. de monografías e 1.123 títulos de revistas (617 en curso e 506 cesadas). Os fondos cesados de revistas, fondos retrospectivos de revistas en curso, e coleccións de monografías de baixo uso están instalados no depósito.

O equipamento informático consta de: 12 terminais de consulta (6 no vestíbulo e as restantes nas Salas) ; 2 Pcs para acceso á rede de CD-Roms, CD-Roms monoposto e Internet na Sala de Información Bibliográfica e Referencia ; 8 terminais e 5 Pcs para xestión interna.

No último trimestre do ano resolveuse o Concurso de ideas para a redacción do anteproxecto de construción do edificio da Biblioteca de Ciencias Sociais e Xurídicas do Campus Sur, que albergará a actual Biblioteca Intercentros de Dereito, Políticas e Relacións Laborais. O concurso adxudicouse ó arquitecto Dn. Celestino García Braña, que presentou o proxecto definitivo a finais de decembro de 1997. Agárdase que as obras de construción comecen no ano 1998.

En 1997 fixéronse as seguintes modificacións de espazos nas Bibliotecas do Campus de Santiago:

- B. de Farmacia: ampliación de 62 m² na Sala de Investigadores
- B. de Xeografía e Historia e CC. da Información: adaptación dun espazo para Sala de Investigadores

Fora da importante intervención no Campus de Lugo, o problema fundamental da BUSC neste momento deriva da insuficiencia de moitas das súas instalacións. A maioría das bibliotecas están ubicadas en locais non concebidos para eses fins, produto de sucesivas adaptacións e aproveitamentos de espazos colindantes. Ademais da incidencia na calidade do servizo que esta situación plantexa, o incremento das adquisicións bibliográficas dos últimos 10 anos fai que a situación dalgúns centros precise solucións inmediatas que resolvan o problema da súa capacidade de almacenamento.

A Biblioteca da Fac. de Filoloxía está facendo unha redistribución de espazos e ampliación de estanterías (aprox. 200 ms. lineais ó ano) para colocar as novas adquisicións, aínda que isto repercute en maiores dificultades de circulación. Estes "parches" solucionan momentaneamente as dificultades de espazo, pero non resolven o problema. Dentro de 2 ou 3 anos como máximo chegaráse á saturación do depósito.

A Biblioteca Intercentros das Facs. de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía ten graves problemas para almacena-los fondos de novo ingreso nos seus dous puntos de servizo (Campus Norte e Sur). Nas instalacións do Campus Sur optouse hai uns anos pola substitución de estanterías normais por un sistema "compacto". Na actualidade esta medida resulta xa insuficiente. Nunha reunión celebrada a finais de 1997 entre o Sr. Vicerrector de Investigación e Terceiro Ciclo, os Sres. Decanos, a Directora da Biblioteca Intercentros e a Dirección da BUSC, acordouse adquirir un novo "compacto" como solución provisoria ata que se resolva a definitiva ubicación das tres Facultades. Sen embargo debe terse en conta que este tipo de almacenamento complica extraordinariamente o servizo de fondos de uso frecuente (52.123 unidades servidas neste punto de servizo en 1997). O punto de servizo desta Biblioteca no Campus Norte plantexa o mesmo problema de colocación dos novos ingresos. A solución está tamén pendente da ubicación definitiva da Facultade de CC. da Educación.

A Biblioteca Xeral, de segui-lo ritmo de ingreso de fondos por compra e doazón actuais, ten estimada a súa capacidade de almacenamento nun máximo de 5 anos. Esta estimación inclúe recurrir a solucións pouco recomendables coma gardar en caixas a maior parte da prensa diaria que se está a recibir por Depósito Legal. Entre as solucións plantexadas ó Vicerrectorado de Investigación e Terceiro Ciclo no mes de maio de 1997 está o reforzamento da estrutura das plantas do depósito, coa finalidade de que soporte a instalación de sistemas de estantería compactos. O Vicerrectorado

encargou un estudio sobre as posibilidades de levar a cabo este reforzamento e os seus custos á Unidade Técnica da USC, sen que ata o momento a Dirección da BUSC teña coñecemento da realización de dito estudio.

Na actualidade, o total das instalacións da BUSC ocupan 29.712 m², e ofertan 6.261 postos de consulta.

A distribución actual de espazos e postos de consulta por centros pode verse na seguinte táboa:

| Centro | m2 superficie | postos consulta |
|---|----------------------|------------------------|
| B.X. | 3.900 | 349 |
| Bioloxía | 958 | 260 |
| Económicas | 1.688 | 381 |
| Dereito | 2.175 | 614 |
| Farmacia | 1.160 | 474 |
| Filoloxía | 2.512 | 458 |
| Fil., CC. Edu., Psi. | 1.253 | 438 |
| Física e Óptica | 812 | 274 |
| X ^a -H ^a , CC. Inf. | 2.100 | 504 |
| Matemáticas | 1.173 | 236 |
| Medicina | 1.085 | 260 |
| Química | 852 | 234 |
| Intercentros Lugo | 9.500 | 1.615 |
| Maxisterio Lugo | 218 | 54 |
| Enfermería | 248 | 94 |
| ICE | 78 | 16 |
| Total | 29.712 | 6.261 |

O indicador de espaciao bibliotecario per cápita é de 0.66 m² por usuario potencial. O indicador postos de consulta per cápita é de 0.14 postos por usuario potencial, ou o que é o mesmo 7.1 usuarios por posto.

Se analizamos a situación por campus obtemos os seguintes indicadores:

- Campus de Santiago:
 - Espacio bibliotecario per capita: 0.56 m²
 - Usuarios por posto de consulta: 7.71
- Campus de Lugo:
 - Espacio bibliotecario per capita: 1.07 m²
 - Usuarios por posto de consulta: 5.42

Estes indicadores colocan ó Campus de Lugo dentro dos estándares recomendados por Rebiun¹, pero as diferencias son notorias para o Campus de Santiago.

Do presuposto de equipamento de 1997 (14.750.000 ptas.), dedicáronse 10.000.000 para facer fronte ós gastos de posta en funcionamento desta nova Biblioteca, non incluídos no concurso de equipamento da Xunta de Galicia, tal e como se indica no apartado de presuposto desta memoria.


Os 4.750.000 ptas. restantes dedicáronse a cubrir ás necesidades máis urxentes dalgunhas Bibliotecas: Pcs para as Bibliotecas de Xeografía e Historia e CC. Información, e Dereito, Políticas e Relacións Laborais ; estanterías para as Bibliotecas de Farmacia e Medicina ; un equipo desmagnetizador para poñer en funcionamento o sistema antifurto na B. de Química e unha fotocopiadora para a B. Intercentros de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía.

A Biblioteca de Filoloxía adquiriu unha torre de Cds a cargo do presuposto da Facultade.


¹ Un metro cuadrado por usuario, un posto de lectura por cada 5 usuarios. "Normas y directrices para Bibliotecas Universitarias y Científicas", p. 45

A Biblioteca Intercentros de Xeografía e Historia e CC. Información renovou o mobiliario da Sala de Lectura cunha asignación especial do Vicerrectorado de Asuntos Económicos, e ampliou o espacio para consulta cunha nova Sala no depósito para investigadores e alumnos do terceiro ciclo.

Dados os problemas de almacenamento da B. Xeral, xa sinalados, o presuposto destinado ó peche das estanterías da Biblioteca Lago, adicouse á adquisición de estanterías de depósito, para poder facer fronte ás necesidades máis inmediatas de colocación de fondos.







DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIÓNIS

No ano 1997 ingresaron na BUSC 37.881 títulos de monografías, un 3,29% máis que en 1996.

Dos 37.881 títulos, 27.333 (5% incremento sobre 1996) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (ver táboas no apartado de Presuposto). Se temos en conta que as aportacións de Departamentos, Proxectos e Centros se incrementaron considerablemente neste ano (véxase o apartado do presuposto), cabe supoñer que o poder de compra de monografías co presuposto BUSC diminuíu, ó que non é alleo o cambio de divisas.

Coas Axudas da Xunta adquiríronse 903 títulos (diminución dun 50% respecto ó ano anterior), 9.603 títulos (26,82% incremento sobre 1996) ingresaron por intercambios e doazóns, e 1554 títulos por Depósito Legal (22,7% incremento sobre 1996).

Como xa se advertía na Memoria de 1996, segue a manterse a tendencia alcista dos libros recibidos por doazóns, cos conseguintes problemas xa indicados o ano pasado en relación coa cantidade de información redundante que aportan.

Entre as doazóns procedentes de particulares hai que destacar a da biblioteca do escritor e crítico de arte Don Carlos Areán, aínda non contabilizada nos datos desta Memoria por estar pendente a súa consideración coma doazón ou como depósito, o que variaría lóxicamente os criterios para a súa integración.

Recibíronse tamén no mes de maio preto de 10.000 volumes da doazón da familia Pillado procedentes de convenio asinado pola Universidade con

D.Francisco Pillado Mayor no ano 1996, con destino á Facultade de CC.da Información.

Procedentes da colección de Don Leonardo Patterson, ingresaron na Biblioteca no mes de setembro 21 facsímiles de manuscritos prehispánicos ós que, lamentablemente, non acompañaba o correspondente volume de comentario.

Melloraron considerablemente os fondos conqueridos por intercambio a través do Servicio de Publicacións, dado que ademais daqueles obtidos polo canxe propiamente dito coas edicións da USC, o Servicio está funcionando tamén como un proveedor ó que a BUSC recorre cando os editores das obras seleccionadas son institucións ou organismos que aceptan solicitudes concretas de intercambio.

Seguindo coa política de conseguir coleccións exhaustivas de fondos galegos, a BX adquiriu distintos fondos retrospectivos en librerías de anticuario e no mercado de ocasión. Hai que destacar neste apartado a adquisición de primeiras edicións de Valle-Inclán, *Femeninas* (Pontevedra, 1895), *Sonata de primavera* (Madrid, 1904) e *Sonata de outono* (Madrid, 1902) ; de Castelao, *Arte e Galeguismo* (La Coruña, 1919) ; e Camilo José Cela, *Judíos, moros y cristianos* (Barcelona, 1956).

As coleccións históricas da BX completáronse coa edición en microforma de *Women Writers of the 18th. century* que reproduce 128 títulos de traballos de escritoras inglesas do século XVIII como Fanny Burney, Mary Wollstinecraft, Anne Finch, Elizabeth Inchbald, Charlotte Lennox, Clara Reeve ou Charlotte Smith con escasa cando non nula representación nos fondos da BUSC. A colección foi adquirida coa Axuda para Infraestrutura de Investigación da Xunta de Galicia. Coa mesma axuda adquiríronse os 34 volumes de *The Dictionary of Art Mac Millan* e os CD-ROMs editados en 1997 do *Periodical Contents Index*, ámbolos para a Sección de Información Bibliográfica e Referencia.

Unha distribución por Centros dos principais datos de adquisicións en 1997 pode verse na seguinte táboa:

| | Compra presup.USC | Compra Ax.Infr.Xunta | Donat., Interc. | Adquisicións 1997 |
|--------------------|----------------------|-------------------------|-----------------|----------------------|
| B.X. | 4.587 | 3 | 1.386 | 5.973 |
| Bioloxía | 398 | 124 | 210 | 732 |
| CC.Económicas | 1.408 | 5 | 3.463 | 4.876 |
| Der.,Pol.,Rel.Lab. | 4.241 | 31 | 425 | 4.697 |
| Farmacia | 310 | 11 | 74 | 395 |
| Filoloxía | 4.104 | 10 | 1.320 | 5.434 |
| Fª,CC.Educ.,Psi. | 3.895 | 35 | 432 | 4.362 |
| Física e Óptica | 452 | 9 | 116 | 577 |
| Xª-Hª,CC.Inf. | 3.618 | 329 | 1.033 | 5.025 |
| Matemáticas | 607 | 129 | 164 | 900 |
| Medicina | 496 | 3 | 308 | 807 |
| Química | 265 | 0 | 107 | 372 |
| Intercentros Lugo | 1.505 | 183 | 259 | 1.947 |
| Maxist. Lugo | 679 | 30 | 46 | 755 |
| Enfermería | 220 | 1 | 54 | 275 |
| ICE | 548 | 0 | 206 | 754 |
| Totais | 27.333 | 903 | 9.603 | 37.881 |

As coleccións de publicacións periódicas pagadas co presuposto da BUSC mantivéronse en liñas xerais cos mesmos títulos de anos anteriores, aínda que se pecharon 54 títulos, abríndose a cambio 67 novas subscricións.

Dado que o contrato mantido nos 3 últimos anos para o suministro destas publicacións finalizara no ano anterior, realizouse un novo concurso de licitación ó que ningunha empresa se presentou polo importe máximo licitado, polo que foi preciso, ademais de incrementa-lo importe tal e como xa se dixo no apartado de Presuposto, realizar un procedemento negociado, resultando se-la mellor oferta a da casa Swets, proveedora xa en anos anteriores. Esta adxudicación do suministro será renovable por outros 3 anos.

Con cargo, fundamentalmente, ás Axudas para Infraestrutura de Investigación da Xunta de Galicia adquiríronse 106 títulos de publicacións periódicas para completar fondos xa existentes, destacando entre eles o *CI & CA 1992-1996 en CD-Rom*, subvencionado en parte coa Axuda e en parte pola Biblioteca Xeral e as Bibliotecas de Química, Bioloxía, Farmacia, Física e Ciencias de Lugo.

Na Biblioteca Xeral adquiríronse 201 fascículos que completan fondos da Sección Galicia, entre os que cabe destacar *El Telegrama* (La Coruña, con fascículos dos anos 1886, 1889, 1890 e 1895), *El Noroeste* (La Coruña, fascículos dos anos 1905, 1916, e 1919), *La Mañana*, *La Opinión* e *La Opinión del País* (La Coruña, fascículos dos anos 1895 e 1896).

Recibíronse 2.340 fascículos de 267 títulos procedentes de intercambios con outras 23 Bibliotecas, destacando as aportacións da Universitat Autònoma de Barcelona. A BUSC enviou 1.301 fascículos de 230 títulos, destacando o envío as Universidades de Alicante e Autònoma de Barcelona.

Un desglose do estado da colección de publicacións periódicas pode verse na seguinte táboa:

COLECCIONES DE PUBLICACIONES PERIÓDICAS

| Centros | Títulos cesados | Presup. BUSC | Presup.Dep .Centros | Intercambio | Doazóns | Total en curso |
|-------------------|--------------------|-----------------|------------------------|--------------|--------------|----------------|
| B.X. | 8.190 | 109 | 58 | 111 | 270 | 548 |
| Biología | 490 | 139 | 8 | 160 | 12 | 319 |
| CC.Económicas | 998 | 293 | 20 | 61 | 311 | 685 |
| Der.,Pol.,Rel.Lab | 1.188 | 500 | 327 | 92 | 231 | 1.150 |
| Farmacia | 708 | 243 | 21 | 49 | 75 | 388 |
| Filología | 669 | 347 | 231 | 165 | 82 | 825 |
| Fª,CC.Educ.,Psi. | 715 | 386 | 62 | 195 | 101 | 744 |
| Física e Óptica | 223 | 203 | 8 | 11 | 13 | 235 |
| Xª-Hª,CC.Inf. | 1.395 | 497 | 193 | 302 | 86 | 1.078 |
| Matemáticas | 60 | 233 | 13 | 42 | 18 | 306 |
| Medicina | 896 | 291 | 0 | 12 | 64 | 367 |
| Química | 463 | 192 | 4 | 11 | 22 | 229 |
| Intercentros Lugo | 506 | 362 | 54 | 73 | 128 | 617 |
| Maxist. Lugo | 83 | 59 | 0 | 0 | 7 | 66 |
| Enfermería | 5 | 21 | 0 | 0 | 16 | 37 |
| Observatorio | 211 | 21 | 3 | 0 | 32 | 56 |
| ICE | 205 | 17 | 39 | 3 | 62 | 121 |
| Totais | 17.005 | 3.913 | 1.041 | 1.287 | 1.530 | 7.771 |

No referente á restauración de fondos históricos, no ano 1997 fixéronse intervencións nas seguintes obras:

- Lucas de Tuy: *Libro de los miraglos de Sant Isidro*. Salamanca, 1525
- *Breviarium monasticum secundum ritum et morem congregationis Sancti Benedicti Vallisoleti*. Salmanticae, 1569.
- Nicolás Bravo: *Benedictina*. Salamanca, 1604
- Lucas Labrada: *Expostulatio cum morte et interitu Rmi. Patri Martini Sarmiento*. Santiago, [1772?].
- *Índice de la Biblioteca de la Universidad de Santiago de Compostela*, [179-?]. Manuscrito (Trátase do primeiro Catálogo que se conserva da Biblioteca).

PROCESOS TÉCNICOS

A finais de decembro de 1997 a base de datos bibliográfica da BUSC contaba con 426.465 rexistros bibliográficos correspondentes a 542.074 volumes de monografías, 44.449 descripcións de partes compoñentes (artigos de revistas e partes de monografías), e 19.080 títulos de publicacións periódicas.

En 1997 continuouse co proceso de recatalogación e resignaturización dos fondos da Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, no que se incorporaron ó catálogo 25.319 rexistros. Está previsto que estes traballos finalicen a mediados de maio de 1998.

Tamén neste ano realizáronse traballos de reconversión a soporte informático dos catálogos manuais en fichas nos seguintes centros: Bibliotecas do Campus de Lugo (38.730 rexistros) ; Biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía (9.127 rexistros) ; Biblioteca da E.U. de Enfermería (1.316 rexistros) ; Biblioteca Intercentros das Facultades de Xeografía e Historia e CC. Información (1.571 rexistros) ; Biblioteca Xeral (14.871 rexistros).

A base de datos bibliográfica foi incrementándose tamén coa incorporación dos rexistros de novas adquisicións de tódalas Bibliotecas do Campus de Santiago, agás a Biblioteca Intercentros das Facultades de Dereito, Políticas e E.U. de Relacións Laborais na que a Dirección da BUSC ten previsto incia-la súa automatización previamente á data de traslado ó futuro edificio de Biblioteca de Ciencias Sociais. No Campus de Lugo a catalogación automatizada dos fondos de novo ingreso comezou a mediados de febreiro do ano pasado.

A finais de ano adxudicouse o concurso de reconversión e recatalogación de fondos da Biblioteca de CC. da Educación (Campus Norte), da Biblioteca do Arquivo Histórico Universitario e de parte dos fondos da B. Xeral. Estes traballos estánse a realizar no momento de redacción desta memoria.

Na Biblioteca da Facultade de Filoloxía levouse a cabo a colocación de códigos de barras a tódolos fondos incluídos na base de datos no proceso de reconversión dos catálogos manuais realizado en 1995. Estes traballos permitiron a automatización do servizo de préstamo e consulta en sala.

Sinalar tamén que en 1997 o persoal da biblioteca da Facultade de Química iniciou a incorporación á base de datos da BUSC dos fondos bibliográficos do Museo Luis Iglesias (157 volumes).

Dos 426.465 rexistros bibliográficos, 407.385 corresponden a libros, folletos e materiais noutros soportes e destes 90.912 corresponden á base de datos de Galicia.

No que se refire ás publicacións periódicas, indicar que continúa o proceso de revisión do catálogo nas Bibliotecas do Campus de Santiago, e que está previsto comeza-la revisión das publicacións do Campus de Lugo en 1998.


No ano 1997 remataron os traballos de revisión deste catálogo as Bibliotecas de Bioloxía, B. Intercentros de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía, Matemáticas e Química, os que hai que engadir a B. Xeral e a Biblioteca Intercentros de Física e Óptica, que xa os concluíran no ano 1996.

A finais de 1997 o catálogo de revistas contaba con 19.080 títulos correspondentes a 23.294 coleccións (1.727 de fondos galegos). Estes datos inclúen revistas en curso e cesadas, o que explicaría, xunto coas duplicacións existentes entre os campus de Santiago e Lugo e as suscripcións que se están a duplicar con presupostos de Proxectos, Departamentos e Centros, o alto índice de publicacións duplicadas (4.214 títulos).


Finalmente sinalar que a BUSC preparou durante este ano un Manual de Procedemento de Catalogación coa finalidade de coordinar e homoxeneiza-la base de datos bibliográfica.

Nos gráficos seguintes pode verse o estado da base de datos e dos catálogos que a forman, e a distribución de fondos por Centros :


Catálogo de monografías



Fondos xerais




Fondos Galicia




Catálogo de monografías. Número de ejemplares por Centro

| Ejemplares | |
|--------------------|---------|
| B.X. | 127.203 |
| Biología | 14.760 |
| Económicas | 36.446 |
| Farmacia | 11.740 |
| Filología | 106.017 |
| Fil.,CC.Educ.,Psi. | 62.970 |
| Física e Óptica | 8.512 |
| Xª-Hª, CC.Inf. | 73.874 |
| Matemáticas | 22.134 |
| Medicina | 13.705 |
| Química | 11.669 |
| Intercentros Lugo | 48.961 |
| Maxisterio Lugo | 11.274 |
| Enfermería | 2.907 |
| Observatorio | 1.181 |
| ICE | 1.511 |
| IDEGA | 155 |
| Museo L. Iglesias | 157 |



Catálogo de publicaciones periódicas. Número de colecciones por Centro

| | |
|-----------------------|-------|
| B.X. | 9.231 |
| Biología | 874 |
| Económicas | 1.781 |
| Der., Pol., Rel. Lab. | 1.439 |
| Farmacia | 1.258 |
| Filología | 1.524 |
| Fil., CC. Educ., Psi. | 1.561 |
| Física e Óptica | 479 |
| Xª-Hª, CC. Inf. | 1.724 |
| Matemáticas | 473 |
| Medicina | 735 |
| Química | 706 |
| Intercentros Lugo | 523 |
| Maxisterio Lugo | 117 |
| Observatorio | 313 |
| ICE | 289 |
| Outros | 267 |



SERVICIOS

O feito máis destacable do ano 1997, no que a servicios se refire, foi a posta en funcionamento da **Rede de CD-ROMs**. O equipamento informático que fixo posible a posta en marcha deste servicio, fora adquirido a finais de 1996, xunto coas licencias das bases de datos. A partir de xaneiro de 1997 comezou a instalación destas bases de datos, que se prolongou durante varios meses, debido as diferentes datas de publicación dos editores.

A rede permite a consulta non só dende as bibliotecas senon dende calquera punto conectado á rede de investigación da USC.

Dependendo da base de datos que se quera consultar existen diversos modos de acceso á rede : Winspirls, Macspirls, Webspirls, vía telnet e modo compartido. Esta diversidade prodúcese debido ós distintos programas de recuperación das bases.

En total hai instaladas 24 bases de datos, seleccionadas en base o seu interese máis interdisciplinar. Nos distintos puntos de servicio da BUSC están instaladas, en versión monoposto, bases de datos que gardan relación específica coas áreas temáticas de desenvolvemento das coleccións desas bibliotecas.

As bases de datos instaladas na Rede son as seguintes:

AGRIS

Analytical Abstracts

Arts & Humanities Citation Index

Bibliografía Nacional Española

Biological Abstracts on CD

Boston Spa Conferences

Chemical Abstracts



CSIC

Current Contents. Agriculture, Biology and Environmental Sciences

Current Contents. Life Sciences

Current Contents. Physical, Chemical and Earth Sciences

Current Contents. Social and Behavioral Sciences

DOCTHESES

EconLit

ERIC

FRANCIS

Global Books in Print

International Pharmaceutical Abstracts

Journal Citation Reports

Medline Standard

Periodical Contents Index

PsycLit

Rebiun

A análise do uso das bases de datos pasadas á Rede en 1997 ten que limitarse ás consultables vía telnet ou en modo compartido, xa que o software ERL no que corren os CD-ROMs consultables vía WinSpirs, MacSpirs ou WebSpirs inclúe un programa estatístico propio que está a ofrecer datos non fiables debido a problemas de explotación completa deste software na máquina da Biblioteca.

Os datos estatísticos comprenden o período de 29 de setembro de 1997 a 1 de xaneiro de 1998 e recollen o número de consultas a 15 bases de datos xa instaladas nesas datas. A estimación de uso diario de cada base estableceuse tendo en conta soamente os días laborables (20 días por mes = 60 días).

Aínda que os datos non son representativos, a modo de orientación na táboa seguinte móstranse ordeadas de maior a menor estas consultas:

| Base de datos | Consultas (29/09/97-01/01/98) | Consultas por día |
|--------------------------------|-------------------------------|-------------------|
| Chemical Abstracts | 5.040 | 84,00 |
| CSIC | 1.070 | 17,83 |
| J. Science Reports | 769 | 12,82 |
| C.C. Life Science | 723 | 12,05 |
| Bibliogr. Nac. Española | 684 | 11,40 |
| Global Books in Print | 481 | 8,02 |
| C.C. Agric, Biol & Env. Sci. | 402 | 6,70 |
| C.C. Phys., Chem. & Earth Sci. | 242 | 4,03 |
| C.C. Soc. & Behav. Sci. | 225 | 3,75 |
| Period. Cont. Index | 181 | 3,02 |
| Soc. Sci. Reports | 164 | 2,73 |
| DocTheses | 138 | 2,30 |
| Boston Spa Conf. | 137 | 2,28 |
| Francis | 122 | 2,03 |
| Arts & Hum. Cit. Index | 119 | 1,98 |

En 1997 tódalas Bibliotecas da USC que teñen a totalidade ou parte dos seus fondos na base de datos bibliográfica, automatizaron o servizo de **consulta en sala e préstamo a domicilio**. As bibliotecas que fan todo ou parte do seu préstamo con control manual, automatizaron a xestión dos usuarios. Na actualidade, por tanto, existe un ficheiro único de usuarios, integrado no programa Sabini. Este ficheiro é produto do volcado do ficheiro que xeneran as tarxetas magnéticas que expide a USC en convenio con Caixa-Galicia. Aqueles usuarios que non posúen dita tarxeta, inclúense tamén neste ficheiro Sabini e a Biblioteca sumínístralles unha carta de lector.

O uso das tarxetas magnéticas da USC non deixa de plantexar algúns problemas á Biblioteca, que en moitos casos vese obrigada a duplicar o rexistro de usuario (alumnos que se matriculan por primeira vez e que non reciben a tarxeta ata avanzado o curso académico), tarxetas defectuosas, membros da USC que non desexan a tarxeta, etc.

Os servicios de consulta en sala e préstamo a domicilio serviron no ano 1997 563.738 volumes de monografías, 103.397 máis que no ano anterior, o que supón un incremento do 22.4%.

Este forte incremento das consultas explícase pola conxunción de diversas razóns:

- 1) Maior número de fondos automatizados (91.354 novos rexistros)
- 2) Incremento dos puntos de acceso ó catálogo
- 3) Aumento dos horarios de préstamo
- 4) Melloras introducidas no servicio: préstamo entre campus para tódolos usuarios, préstamo entre bibliotecas para os profesores e investigadores
- 5) Novo sistema de contabilización das transaccións, xa que o sistema informático conta volumes emprestados, mentras que no sistema manual contábanse títulos emprestados.

A distribución de volumes de monografías servidos nos distintos puntos de servicio pode verse na seguinte táboa:

| Centros | Volumes monograf. servidos | % |
|--|-------------------------------|-------------|
| Biblioteca Xeral | 69.754 | 12.37% |
| Bioloxía | 23.264 | 4.12% |
| CC. Económicas e Empr. | 40.775 | 7.23% |
| Dereito, CC. Polít. e Rel. Laborais | 22.999 | 4.07% |
| Farmacia | 10.308 | 1.82% |
| Filoloxía | 73.694 | 13.07% |
| Filosofía, CC. Educ. e Psicoloxía | 80.541 | 14.28% |
| Física e Óptica | 22.947 | 4.07% |
| Xeogr. e Historia e CC. Inform. | 49.950 | 8.86% |
| Matemáticas | 19.982 | 3.54% |
| Medicina | 30.104 | 5.34% |
| Química | 24.914 | 4.41% |
| Intercentros Lugo ¹ | 76.637 | 13.59% |
| Maxisterio Lugo | 8.960 | 1.58% |
| Enfermería | 7.375 | 1.30% |
| ICE | 1534 | 0.27% |
| TOTAL | 563.738 | 100% |

A estes volumes contabilizados habería que engadi-las consultas in situ sobre os fondos en acceso directo (fundamentalmente os fondos de uso máis frecuente), así como as consultas ás publicacións periódicas, que de acordo

¹ Agrupa datos dos distintos puntos de servicio ata setembro de 1997 e os da B. Intercentros a partir de novembro

co estudio de avaliación dos anos 1995/1996 cabe estimar en ó redor de 120.000.

O servizo de **préstamo interbibliotecario** seguiu a realizar en dous puntos de servizo para a USC: a B. da Facultade de Medicina para os usuarios desta Facultade e a Biblioteca Xeral para tódolos outros usuarios. En conxunto ambas bibliotecas recibiron 11.690 (-14.46% que en 1996) solicitudes de documentos non existentes na BUSC e 9.316 (+19.16% que en 1996) solicitudes de documentos propios por parte doutras bibliotecas e centros de documentación.

A análise destes datos en comparación ós de 1996 indican un aumento da tendencia á baixa nas solicitudes de documentos non existentes na BUSC, fronte a un forte incremento na demanda de documentos por parte de bibliotecas alleas á BUSC. Este feito explícase porque ata este ano a BUSC prestaba este servizo á Universidade de A Coruña en virtude dun Convenio establecido a este fin. A finais de 1996 a Universidade de A Coruña rompeu este Convenio, polo que os datos das súas solicitudes pasan a engrosalos datos de bibliotecas que demandan fondos á BUSC (1.063 peticións en 1997).

Continúa a se prestar este servizo á Universidade de Vigo, que solicitou 1.764 documentos.

Na Biblioteca Xeral realizáronse 13.494 transaccións de solicitudes de documentos, dos que 6.940 foron solicitudes da BUSC e 6.554 foron solicitudes doutras bibliotecas á BUSC.

Do conxunto de solicitudes de usuarios da BUSC, 494 non foron tramitadas por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se demandasen ó extranxeiro, ou ben foron tramitadas e posteriormente canceladas por se-los datos de referencia erróneos ou incompletos. Das restantes solicitudes obtivéronse 5.638 documentos (87.47%), non se obtiveron 323 (5.01%) e estaban en trámite a fins de ano 463 (7.18%).

O promedio de tempo na obtención dos documentos foi de 17.81 días, o que supón unha mellora con respecto ó ano anterior (20.65 días). Cando as respostas foron negativas o tempo medio en obter contestación foi de 24.62 días, mellorando tamén o promedio de 1996 (28.35 días).

Estas melloras no tempo de resposta veñen dadas polo maior número de solicitudes tramitadas por correo electrónico, o 77.7% fronte ó 65.1% de 1996.

A maioría destas demandas foron artigos de revistas obtidos en fotocopias, aínda que 766 (diminución do 29.46% sobre 1996) foron documentos orixinais prestados temporalmente.

Destes documentos 4.067 foron localizados en bibliotecas españolas, un 39.8% en bibliotecas da rede Rebiun. O máis importante provedor extranxeiro continúa a se-la British Library, de quen se recibiron o 21.04% dos documentos obtidos.

Pola súa parte a Biblioteca da Facultade de Medicina realizou 7.512 transaccións, das que 4.750 (-6.18% sobre 1996) foron solicitudes dos seus usuarios, e as restantes 2.762 (+1.35% sobre 1996) solicitudes sobre os seus fondos.


A maioría das solicitudes (4.727) foron artigos de revistas obtidos en fotocopias, e as restantes (23) documentos orixinais prestados temporalmente.

Dos documentos solicitados obtivéronse 4.292 (90.35%), non se obtiveron 401 (8.44%), e quedaron a fin de ano en trámite 57 (1.2%).

O tempo medio das respostas positivas foi de 14.49 días e das negativas 30.27 días (61.22 días o ano anterior).

Dos 2.762 documentos propios solicitados a esta Biblioteca suministráronse o 89.64% (2.479 documentos).

A procedencia das solicitudes dos usuarios da USC pode verse no gráfico seguinte:




As solicitudes de usuarios da USC seguiron a tendencia dos anos anteriores mostrando unha grande dispersión de títulos, xa que soamente 30 títulos tiveron máis de 15 demandas no ano. Nalguns casos tódalas solicitudes corresponden a un único solicitante (Clinical Psychology, 29 solicitudes ; Psychotherapy, 25 solicitudes, Remote Sensing of Environment, 21 solicitudes), noutros están moi concentradas en poucos usuarios (J. of Periodontology, 47 solicitudes de 6 usuarios ; International J. of Eating Disorders, 35 solicitudes de 4 usuarios ; American J. of Psychiatry, 33 solicitudes de 3 usuarios)

Dos documentos propios suministrados nos dous puntos de servicio 828 foron préstamos de orixinais, dos que a maioría corresponden ás Bibliotecas de Filoloxía (249), Filosofía, CC. Educación e Psicoloxía (143) e BX (136).

Os restantes documentos foron artigos de revistas, dos que Medicina foi novamente o principal proveedor (2.748 artigos), seguido pola B. de Química (1.031 artigos) e a B. de Farmacia (1.030 artigos).

As solicitudes recibidas nos dous puntos de préstamo interbibliotecario corresponderon a fondos de distintos puntos de servicio, como pode verse no seguinte gráfico:



Ademais destes fondos, as distintas bibliotecas da BUSC serviron 933 documentos á Universidade de Vigo. A Biblioteca da Facultade de Matemáticas, pola súa parte, enviou 133 documentos á rede DOCUMAT.

Coma en anos anteriores a BUSC seguiu a colaborar con distintas institucións cara a realización de exposicións e a reprodución dalgún dos seus fondos.

En 1997 colaborou co préstamo de distintas obras nas seguintes exposicións:

- *Speculum humanae vitae : O Simbolismo da morte no Século de Ouro*, Museo de Belas Artes de A Coruña, setembro-novembro 1997
- *Galicia, terra única*, maio-outubro 1997

Coma contribución á celebración do Día das Letras Galegas adicado este ano a Anxel Fole, a Biblioteca preparou unha mostra da súa obra os días 15 ó 30 de maio no Claustro alto de Fonseca.

En canto a reprodución de obras cara a súa edición, a Biblioteca recibiu as seguintes solicitudes por parte da Consellería de Cultura e comunicación Social da Xunta de Galicia:


Juan Gómez Tonel: Relación de las exequias que hizo la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Magestad de la Reyna Doña Margarita de Austria. -- Santiago : Iohan Pacheco, 1612

Octava Noticia con la Real Magestuosa y Pública entrada que hizo la Augustissima Reyna Doña Mariana Sophia de Babiera. -- Madrid, 1690

Dende hai uns anos a Dirección da BUSC ven alentando a realización de guías temáticas dos seus valiosos fondos históricos. En 1997 publicouse : "*Sonos e soños da razón : a ilustración nas coleccións da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela*", coordinada polo profesor Xosé Luis Barreiro e coa participación de persoal da BUSC e profesorado da

Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación. É a primeira obra da colección *Guías temáticas da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela* editada polo Servicio de Publicacións da USC. Nela recóllense unha escolma dos máis importantes fondos ilustrados da BUSC, agás os relativos a ciencia e técnica, que formaron parte da *Exposición e Simposio Ilustración e Educación en Galicia* celebrada en 1995 en Santiago de Compostela con motivo da celebración do XX Aniversario da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación.





ÍNDICE

| | |
|--------------------------------|----|
| Marco Xeral | 1 |
| Presuposto | 4 |
| Persoal | 12 |
| Instalacións e equipamento | 18 |
| Desenvolvemento das coleccións | 24 |
| Procesos técnicos | 30 |
| Servicios | 36 |

